

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 5 DE XANEIRO DE 2026

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero
Dona Begoña Vázquez López
Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a cinco de xaneiro de dous mil vinte e seis, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as dez horas

trinta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión ordinaria do día 30 de decembro de 2025, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- APROBACIÓN DE PROXECTO TÉCNICO DE OBRA

Consta nas dependencias municipais o seguinte proxecto técnico redactado por orde da Alcaldía:

Proxecto técnico básico e de execución e Anexo da obra de “CONSTRUCCIÓN DE VESTIARIOS PARA O APOIO E IMPULSO DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS”, redactados polo enxeñeiro técnico industrial Don Juan Carlos Bardelás Lamas, con data decembro de 2025, cun importe

global de CENTO CORENTA E DOUS MIL OITOCENTOS NOVENTA E UN EUROS CON TRINTA E DOUS CÉNTIMOS (142.891,32 €), IVE incluído, desagregado nos seguintes conceptos:

✓ Execución por contrata:	132.182,82 €
✓ Honorarios de proxecto:	7.562,50 €
✓ Dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde	3.146,00 €

Considerando que o proxecto citado atópase debidamente redactado e que dispón do informe favorable, emitido pola técnica municipal de Urbanismo Dona Alejandra Fernández-Gago Longueira con data 30/12/25, respecto do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor, aos efectos do establecido no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), e de conformidade co disposto no artigo 231.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda aprobar o proxecto técnico anteriormente especificado.

3.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA AO ABEIRO DO III PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes da Bases reguladoras e convocatoria do III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas, publicadas no BOP núm. 189, correspondente ao día 3 de outubro de 2025 e a conveniencia de solicitar a inclusión en dito Plan a construción duns vestiarios para dar servizo ás instalacións deportivas da pista de pádel actualmente existente e da que se atopa actualmente en fase de execución. O Concello ten asignada a cantidade de 89.110,23 € no devandito Plan.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Deputación Provincial a seguinte subvención con cargo ao III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas, por importe global de OITENTA E NOVE MIL CENTO DEZ EUROS CON VINTE E TRES

CÉNTIMOS (89.110,23 €), con destino á realización e financiamento do seguinte investimento:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN SOLICITADA	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA OUTRAS ADMINISTRACIÓNS
Construción de vestiarios para o apoio e impulso das actividades deportivas	142.891,32 €	89.110,23 €	53.781,09 €	0,00 €

Segundo.- Realizar a finalidade obxecto da subvención solicitada, asumindo o compromiso de cumprir as condicións para iso.

Terceiro.- Comprometerse a comunicarlle á Deputación calquera modificación das circunstancias que foron tidas en conta para o outorgamento da subvención.

Cuarto.- Solicitar a inclusión, dentro dos gastos de inversión solicitados, dos custes de redacción do proxecto, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde, ao ser obxecto dunha contratación externa, de conformidade co previsto na Base Décimo terceira da convocatoria.

Quinto.- Colaborar no seu financiamento achegando a contía de CINCUENTA E TRES MIL SETECENTOS OITENTA E UN EUROS CON NOVE CÉNTIMOS (53.781,09 €). O órgano que adopta este acordo é competente para comprometer esta achega.

Sexto.- Facultar expresamente a Sr. alcalde para que, na representación legal do Concello que ostenta, asine a correspondente solicitude e canta documentación resulte necesaria para a efectividade do acordado.

4.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE SERVIZOS

Vistos o orzamento presentado en data 17/12/25, os informes de insuficiencia de medios e da necesidade do contrato emitidos polo alcalde en con data 19/12/25, e xustificado no expediente que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar as regras xerais de contratación, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, e de conformidade co establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Adxudicar, como contrato menor, o contrato de servizos consistente na planificación e desenvolvemento do programa de conciliación “*Concilia en período lectivo 2026*”, dende o día 8 de xaneiro do corrente, á sociedade GEMAGAR GALICIA S.L., con CIF núm. [REDACTED], e con domicilio social en Lalín, ao prezo DOUS MIL OITOCENTOS EUROS (2.800,00 €) mensuais, IVE incluído.

Segundo.- O prazo de execución do contrato rematará no momento no que o Concello adxudique, trala tramitación da correspondente licitación pública, o contrato resultante da mesma e sen que, en ningún caso, o período contratado na presente adxudicación poida superar a data de remate do curso escolar 2025-2026.

Terceiro.- Aprobar o gasto correspondente con cargo á partida orzamentaria 231/226 do presuposto en vigor.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as dez horas corenta e cinco minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)